

Fantasía e realidade

Xosé Miranda xoga nos tres contos que recolle baixo o título *A nena pálida* coa realidade e coa fantasía e con ambos os aspectos mergulla o lector nun hipotético mundo marabilloso que percibimos como lonxano, pero tamén achegado a nós pola cotidianidade que zumegan as páxinas, dada sobre todo polas referencias reais e supostamente obxectivas que fai dos acontecementos e dos detalles que amosa.

O primeiro conto que abre o libro, e que lle dá título, “A nena pálida”, inicia o camino cara ao ultramundo e diríamos que da mesma forma que a protagonista Eva advirte a presenza de alguén polos ruídos que oe no faiado, tamén fai a súa aparición unha nena pálida, translúcida que habita na parte superior da casa, que lembra algún maior que de pequena viviu alí e que se encarga de arrebolar unha tenra historia de amor e desamor de alguén moi cercano á rapaza encargada da narración dos feitos. Conversar coa nena morta converterase en todo un exercicio de reflexión para a protagonista e quen sabe se tamén para o lector mozo.

Continúa o volume o camiño da fantasía con “Aprendendo

O marabilloso cotián



MARÍA NAVARRO



a nubeira”, un conto no que unha nai seguindo a tradición familiar, pretende ensinalle á súa filla o oficio de nubeira, sen moito éxi-

to por certo, debido segundo á mestra á escasa importancia que se lle conceden aos costumes e que extinguirá a extirpe de nubiros e tronantes que noutrora poboaron as nosas terras para felicidade dos seus habitantes.

Remata o libro con “Un trasno no Tour de Francia” onde se nos desvelan detalles ata agora descoñecidos e que explicarían feitos que no seu tempo escapaban a toda lóxica debido á intervención de seres fantásticos dificilmente perceptibles ao ollo humano e que adoitaban enredar sen facer danos graves, pero si significativos. E así coñecemos o motivo polo cal Álvaro Pino, entre outros, sufrirá unha merma nas súas facultades deportivas ou por qué Álvaro Gil doara a súa colección de torques ao museo de Lugo.

O humor, a graza na escolla dos termos e expresións e a sinxeleza na sintaxe proporcionan ao lector un texto ameno e divertido capaz de transportarnos a mundos fantásticos e quen sabe se tamén reais.

MIRANDA, Xosé, *A nena pálida*, Ed. Tambre, Vigo, 2007, 75 páxinas.